WIKIPEDIA

Lingua mohave

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Mohave *Hamakhav*	
Falado en:	Estados Unidos
Rexións:	Arizona e California
Total de falantes:	100 (2007)[1]
Familia:	Yuma Yuma nuclear Yuma do río **Mohave**
Códigos de lingua	
ISO 639-1:	--
ISO 639-2:	---
ISO 639-3:	mov (http://www.sil.org/iso639-3/documentation.asp?id=mov)

A **lingua mohave**[2] é a lingua nativa falada polo pobo mohave que habita a carón do río Colorado do noroeste de Arizona, sueste de California e suroeste de Nevada. Arredor do 70% dos falantes habitan en Arizona, mentres que o 30% restante reside en California. Pertence á póla do río da familia yuma, xunto co quechan e maricopa.

A lingua mohave converteuse nunha lingua ameazada durante o século XX, cando moitos nenos mohave foron separados dos seus pais e criados en internados onde lles prohibiron falar a súa lingua. Tiñan prohibido falar en mohave mesmo cando visitaban ós seus pais ocasionalmente, malia que a maioría dos pais non falaban inglés.[3][4][5]

Notas

1. Ethnologue (ed.). "Mohave en Ethnologue". Consultado o 12 de febreiro de 2018.
2. Definición de mohave* (https://digalego.xunta.gal/gl/termo/43543) no *Dicionario de Galego (https://digalego.xunta.gal/gl/caracteristicas)* de Ir Indo e a Xunta de Galicia.
3. Penfield, S. D. (2005). Mohave remembered. *Journal of the Southwest*, 81-105.
4. Penfield, S. D., & Tucker, B. V. (2011). From documenting to revitalizing an endangered language: where do applied linguists fit?. Language and Education, 25(4), 291-305.
5. Weinberg, J. P., & Penfield, S. D. (2000). Mohave Language Planning: Where has it been and where should it go from here?. Coyote Papers: Working Papers in Linguistics, Special Volume on Native American Languages.